Data: 04-03-2020 16.00 h
Lugar: Pgno. Fontiñas, Rúa de Madrid, 2-4, Santiago de Compostela, A Coruña

Exame: Viaxeiros B
Duración: 120 MINUTOS

Por favor, cubra sus datos antes de comenzar a responder:
Por favor, cubra os seus datos antes de comezar a responder:
Nombre y apellidos
Nome e apelidos

DNI:

Firma:
Sinatura:

Examen de obtención do Certificado de Aptitude Profesional (CAP)

VIAXEIROS

04/03/2020

16.00 H

-GALEGO-

MODELO "B"

Dele la vuelta al cuaderno para disponer del examen en CASTELLANO

01. Son órganos da sociedade cooperativa:
a) a xunta xeral de accionistas.
b) o consello reitor.
c) a xunta constituínte da cooperativa.
d) a administración da Comunidade Autónoma ou o Estado no seu caso.

02. Establecer un hábito de observación polos retrovisores do autobús:
a) evita que o condutor sexa sorprendido por manobras de vehículos que se acheguen por detrás ou por vías laterais, favorecendo a suavidade dunha posible freada.
b) evita que o condutor sexa sorprendido por manobras de vehículos que se acheguen en sentido contrario.
c) provoca unha distorsión da visibilidade a través do parabrisas.
d) pode provocar distraccións no condutor.

03. As portas de emerxencia dun autobús:
a) deben poder abrirse facilmente desde o interior.
b) deben poder abrirse facilmente desde o exterior.
c) deben poder abrirse facilmente desde o interior e con dificultade desde o exterior.
d) As respostas A e B son correctas.

04. Cal é a masa máxima permitida por eixo nos autobuses de clase II no caso dun eixo motor simple?
a) 10 toneladas.
b) 11,5 toneladas.
c) 12,6 toneladas.
d) 13 toneladas.

05. Que información facilitará o dispositivo interior que deben ter os autobuses de clases I e II novos, adscritos a servizos urbanos e suburbanos de transporte regular de uso xeral?
a) A solicitude de parada.
b) A temperatura exterior.
c) A denominación da próxima parada.
d) As respostas A e C son correctas.

06. Que é a masa máxima autorizada por eixo?
a) É a masa que pode transportar un vehículo resultante de restar a súa tara á masa máxima autorizada.
b) É a masa máxima para a utilización dun vehículo con carga en circulación polas vía públicas.
c) É a masa que se alcanza con aceleración máxima.
d) É a masa máxima dun eixo ou grupo de eixos con carga para a utilización en circulación polas vía públicas.

07. O requisito de honorabilidade esíxese a:
a) os condutores de transporte escolar.
b) os condutores de vehículos de emerxencia.
c) as empresas de transporte público en autobús.
d) as empresas que efectúan transporte escolar, unicamente.

08. Como se chama tamén ao transporte de viaxeiros en autobús por conta propia que realiza unha empresa cuxa actividade principal non é a de transporte?
a) Transporte privado complementario.
b) Transporte privado particular.
c) Transporte público.
d) Transporte accesorio.

09. Cada canto tempo debe pasar a ITV un autobús de 3 anos de antigüidade?
a) Cada ano.
b) Cada 2 anos.
c) Cada 6 meses.
d) Cada 9 meses.

10. Cales son as funcións propias do xefe de tráfico dunha empresa de transporte de viaxeiros en autobús?
a) Planificar as actividades da empresa.
b) Adoptar as decisións estratéxicas.
c) Planificar os servizos e roteiros.
d) Ningunha das anteriores.

11. Para que autocares é obrigatorio desde 1993 o sistema antibloqueo de freos (ABS) no caso de novas matriculacións?
a) Para os interurbanos de máis de 12 toneladas de masa máxima autorizada.
b) Para os urbanos de máis de 20 toneladas de masa máxima autorizada.
c) Para todos os interurbanos.
d) Para os interurbanos de máis de 9 toneladas de masa máxima autorizada.

12. En calzadas con dobre sentido de circulación e tres carrís, delimitados por marcas lonxitudinais descontinuas, que carril utilizará para circular o condutor dun autobús?
a) Os dous carrís situados máis á dereita da calzada.
b) Calquera deles, sempre que se dispoña a adiantar.
c) O situado máis á súa dereita.
d) Soamente o carril central.

13. En España, se os servizos de transporte regular de uso xeral teñen carácter urbano, a titularidade corresponde:
a) ao Estado.
b) ás Comunidades Autónomas.
c) aos Concellos.
d) de forma indistinta, aos Concellos e ás Comunidades Autónomas.

14. O condutor debe ter un papel activo nas paradas?
a) Si, pero unicamente no transporte escolar.
b) Si, debe vixiar a equipaxe dos pasaxeiros.
c) Si, debe axudar a que os viaxeiros suban e baixen de forma segura.
d) Non, nunca debe abandonar o seu posto.

15. As normas especiais sobre transporte de menores en autobús son aplicables aos transportes públicos regulares de uso especial de escolares por estrada cando, polo menos:
a) a cuarta parte dos alumnos transportados tivese unha idade inferior a dezaseis anos no momento en que comezou o correspondente curso.
b) a terceira parte dos alumnos transportados tivese unha idade inferior a dezaseis anos no momento en que comezou o correspondente curso.
c) a metade dos alumnos transportados tivese unha idade inferior a dezaseis anos no momento en que comezou o correspondente curso.
d) a quinta parte dos alumnos transportados tivese unha idade inferior a dezaseis anos no momento en que comezou o correspondente curso.

16. O titular dunha autorización comunitaria de transporte internacional de viaxeiros de carácter regular:
a) haberá de realizar sempre o servizo cos seus propios medios persoais e materiais.
b) poderá utilizar vehículos de reforzo doutros transportistas de modo temporal.
c) poderá utilizar vehículos de reforzo doutros transportistas de modo permanente sen superar nunca o 25% dos propios.
d) poderá utilizar vehículos de reforzo doutros transportistas de modo permanente sen superar nunca o 50% dos propios.

17. Os vehículos que realizan un servizo regular de uso xeral deberán identificarse mediante:
a) un rótulo no lateral dereito do vehículo que indique o nome da empresa.
b) un rótulo no frontal do vehículo cos datos de orixe e destino da expedición.
c) un rótulo na parte posterior do vehículo cos datos do contrato de xestión.
d) un luminoso no lateral dereito.

18. De acordo coa normativa comunitaria, os autobuses de clase I serán accesibles:
a) obrigatoriamente a persoas con mobilidade reducida non usuarias de cadeira de rodas.
b) obrigatoriamente a persoas con mobilidade reducida, incluídos os usuarios de cadeira de rodas.
c) obrigatoriamente a persoas con mobilidade reducida e opcionalmente tamén a usuarios de cadeira de rodas.
d) Para os autobuses de clase I recoméndase que sexan accesibles, pero non é obrigatorio.

19. A que altura deben estar os mandos situados xunto ás portas do autobús que dan acceso aos usuarios de cadeiras de rodas?
a) Entre 800 e 1100 mm.
b) Entre 850 e 1300 mm.
c) A menos de 900 mm.
d) A máis de 1.100 mm.

20. Cando as accións dunha sociedade anónima non estean totalmente desembolsadas:
a) as accións terán que ser nominativas.
b) poderán ser ao portador.
c) non terán dereito a voto.
d) darán dereito a percibir dividendos en proporción ao capital desembolsado.

21. Cal é a idade media dos autobuses en España?
a) Moi nova, en torno 2 anos de idade media.
b) Relativamente vella, ao redor de 10 anos de idade media.
c) Nova, ao redor de 3,5 anos de idade media.
d) Moi vella, ao redor de 18 anos de idade media.

22. O condutor dun autobús, en calzadas situadas fóra de poboado que teñan máis dun carril reservado para o seu sentido de marcha, circulará normalmente:
a) polo situado máis á súa esquerda, en todo caso.
b) polo situado máis á súa dereita.
c) por calquera dos carrís reservados para o seu sentido de marcha, aínda cando as circunstancias do tráfico ou da vía non o aconsellen.
d) por calquera dos carrís reservados para o seu sentido de marcha ou pola beiravía.

23. Que indica un semáforo consistente nunha franxa branca oblicua cara á dereita iluminada sobre fondo circular negro?
a) Prohibe o paso nas mesmas condicións que a luz vermella non intermitente.
b) Permite o paso de fronte.
c) Indica que está permitido o paso para virar á dereita.
d) Indica que está permitido o paso para virar á esquerda.

24. Que sociedades poden ser sociedades laborais?
a) De contas en participación.
b) Limitadas ou anónimas.
c) Colectivas.
d) Comanditarias simples.

25. As sociedades de responsabilidade limitada teñen carácter:
a) mercantil.
b) laboral.
c) fiscal.
d) civil.

26. A efectos da aplicación da normativa de estranxeiría, o chamado "Espazo Schengen" comprende países pertencentes a:
a) Europa.
b) Europa e Iberoamérica.
c) Europa e o norte de África.
d) Hispanoamérica.

27. Para que o condutor realice sen risco as inspeccións periódicas no vehículo...
a) non é necesario estar familiarizado con este traballo.
b) é necesario coñecer os perigos implícitos de cada unha das revisións e operacións de mantemento.
c) Non é necesario utilizar roupa, luvas ou outros elementos de protección.
d) é necesario contactar permanentemente co servizo de mantemento do fabricante do vehículo.

28. Os embragues de fricción en seco carecen de...
a) convertidor de par.
b) prato de presión.
c) disco de embrague.
d) pedal de embrague.

29. Para saber o momento adecuado no que se debe cambiar de marcha, e con iso reducir o consumo de carburante, o condutor dun vehículo pesado deberá ter en conta...
a) as revolucións por minuto do motor.
b) a anchura dos pneumáticos.
c) o coeficiente aerodinámico do vehículo.
d) o tipo de ralentizador que monte o vehículo.

30. Que distancia de seguridade é necesaria levar por diante do vehículo para garantirnos unha condución preventiva?
a) 15 metros.
b) 20 metros.
c) A que nos garanta 10 ou 15 segundos de reacción.
d) A que nos garanta, polo menos, 2 ou 3 segundos de reacción.

31. Os transportes que teñan por obxecto levar ás granxas recipientes de leite ou produtos lácteos destinados á alimentación do gando, sempre que se desenvolvan integramente nun radio de 100 quilómetros ao redor do centro de explotación da empresa:
a) están obrigados ao usar tacógrafo se o transporte é público.
b) están exentos unicamente se o transporte é privado particular.
c) deben levar instalado un tacógrafo especial.
d) están exento de utilizar o tacógrafo.

32. Cando haxa máis dun condutor, como deben actuar coa súa tarxeta?
a) Os dous condutores utilizarán a mesma tarxeta.
b) Cada condutor terá unha tarxeta que introducirá na ranura no momento que lle toque conducir.
c) Cada condutor terá que comprobar que a súa tarxeta está introducida na ranura correspondente.
d) Utilizarán a tarxeta de empresa.

33. Que permite o control de estabilidade ESP?
a) Aumentar o xiro do vehículo sobre o seu eixo vertical cando subvira.
b) Diminuír o xiro do vehículo sobre o seu eixo vertical cando subvira.
c) Aumentar o xiro do vehículo sobre o seu eixo horizontal cando subvira.
d) Aumentar o xiro do vehículo sobre o seu eixo horizontal cando sobrevira.

34. En que momento se debe introducir o número de matrícula do vehículo no tacógrafo dixital?
a) En 2 meses desde a activación.
b) Sempre no momento do primeiro calibrado.
c) Antes de dedicar o vehículo a usos dentro do ámbito de aplicación do R.561/2006.
d) Non hai un prazo máximo.

35. Con que elemento está conectado o volante de inercia nun automóbil provisto dun embrague de fricción en seco?
a) Co motor.
b) Coa caixa de velocidades.
c) Co diferencial.
d) Co eixo tractor.

36. No caso de que haxa un motorista accidentado, que non se debe facer?
a) Movelo en caso de perigo de atropelo.
b) Tranquilizalo.
c) Quitarlle o casco.
d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

37. Cal dos seguintes vehículos está exento do uso do tacógrafo?
a) Vehículos cuxa velocidade máxima non supere o 40 km/h.
b) Un autocar con 20 prazas.
c) Un autocar de liña regular de máis de 100 km de percorrido.
d) Un autocar que realiza transporte discrecional.

38. Que signo ou símbolo é o que identifica que unha lamia está composta por varias pezas?
a) +.
b) -.
c) x.
d) &.

39. En todos os documentos impresos obrigatorios extraídos do tacógrafo dixital:
a) aparecerán identificados os titulares das tarxetas inseridas no momento da impresión.
b) aparecerá identificado só o titular da tarxeta inserida na ranura 1.
c) aparecerán pictogramas indicando o consumo de combustible.
d) aparecerá identificado só o titular da tarxeta inserida na ranura 2.

40. En transporte de viaxeiros, que vehículos están obrigados a levar instalado o aparello de control?
a) Os vehículos con máis de 8 prazas.
b) Os vehículos con máis de 14 prazas.
c) Os vehículos fabricados ou adaptados de forma permanente para transportar a máis de 9 persoas, incluído o condutor.
d) Todos os vehículos dedicados ao transporte de viaxeiros.

41. Ao examinar as características dun pneumático, no seu lateral pódese ler 255/70 R 22, que indica a letra R?
a) Que é un pneumático de estrutura radial.
b) Que é un pneumático de estrutura diagonal.
c) Que é un pneumático de estrutura diagonal cinturado.
d) Que é un pneumático sen cámara.

42. O transporte produce un efecto arrastre importante noutros sectores, especialmente en:
a) a venda de vehículos.
b) a saúde pública (servizos de ambulancia).
c) a investigación científica.
d) as artes.

43. Cales son os efectos que adoita producir a heroína na condución?
a) Un estado semellante á embriagez, sensación de euforia no cal diminúe a apreciación do risco.
b) Unha sobrevaloración da propia capacidade e un exceso de confianza.
c) Un forte shock con convulsións e cambras, podendo orixinar actuacións violentas.
d) Desorientación e síntomas parecidos á bebedeira.

44. Respecto ao uso dos freos, como elemento de seguridade activa, como se debe utilizar o freo de servizo?
a) Exercer presión ao comezo da freada e diminuíla progresivamente segundo se reduza a velocidade do vehículo.
b) Presión suave e mantida.
c) Presionando suave ao principio, aumentando a presión progresivamente.
d) Presionando progresivamente ao principio e forte ao final.

45. De que factores depende a enerxía acumulada por un autobús en movemento?
a) Da masa do vehículo e da velocidade.
b) Da velocidade e da resistencia do aire.
c) Da masa máxima autorizada do vehículo.
d) Da evacuación da calor nos sistemas de freado.

46. Por aceleración coñécese á magnitude física que mide a variación:
a) da velocidade dun autobús respecto de a distancia percorrida.
b) da velocidade dun autobús respecto do tempo.
c) do tempo en relación coa distancia percorrida por un autobús.
d) da distancia percorrida respecto de a velocidade dun autobús.

47. Segundo a Comisión Europea, en que país da Unión Europea o alcol está implicado nun maior número de accidentes de tráfico con vítimas mortais?
a) Portugal.
b) España.
c) Francia.
d) Grecia.

48. Unha consecuencia de realizar unha condución encamiñada á optimización do consumo é:
a) a protección do medio ambiente.
b) o aumento do número de aceleracións.
c) que se evitan as turbulencias.
d) que se aumenta o réxime de xiro.

49. Cales son os catro modos de funcionamento que debería ter o aparello de control (tacógrafo dixital)?
a) De control, de empresa, de proba e operativo.
b) Non ten catro modos de funcionamento, ten cinco.
c) De control, de empresa, de calibrado e operativo.
d) De control, de empresa, de calibrado e de policía.

50. Nunha calzada dotada de carril reservado para o tráfico en función da velocidade sinalizada, por cal se debe circular?
a) Sempre polo da dereita.
b) Sempre polo da dereita, non podendo abandonalo.
c) Polo da dereita, podendo circular polo que ten o sinal de velocidade mínima cando podamos circular a unha velocidade igual ou superior.
d) Indistintamente polo da dereita ou esquerda.

51. Os transportes efectuados mediante vehículos que se sometan a probas en estradas con fins de mellora técnica, reparación ou conservación e vehículos novos ou transformados que aínda non se puxeron en circulación:
a) deben usar un tacógrafo non activado.
b) están exentos de uso de tacógrafo.
c) deben usar un tacógrafo non calibrado.
d) están obrigados ao uso dun tacógrafo especial.

52. No sector do transporte, cal dos seguintes accidentes de traballo se produce máis frecuentemente?
a) Caída de obxectos ao manipulalos.
b) Incendios.
c) Sobreesforzos.
d) Exposición a substancias tóxicas.

53. Nun vehículo pesado, que indica o manómetro?
a) A velocidade á que se circula.
b) A presión á que circula o líquido refrixerante polo circuíto.
c) A presión no sistema de lubricación ou no sistema pneumático de freos.
d) A cantidade de carburante que queda dispoñible.

54. Cal é o tipo máis frecuente de accidente de tráfico no que ven implicados camións e autobuses?
a) Os atropelos.
b) A colisión entre vehículos.
c) As perdas de carga ou equipaxes.
d) Ningún dos anteriores.

55. Se debido ás circunstancias climatolóxicas adversas de xeo ou neve fose obrigatorio o uso de cadeas, onde se deberán poñer as cadeas?
a) En todas as rodas do vehículo.
b) Só nas rodas dianteiras.
c) Só nas rodas traseiras.
d) Polo menos nunha roda a cada lado do eixo motriz.

56. Como debe facerse a aproximación a un vehículo accidentado?
a) Non cruzando a mediana dunha estrada nacional
b) Camiñando pola beiravía.
c) Cruzando a mediana da autoestrada se fose necesario.
d) Aproximarse aínda que exista perigo de incendio do vehículo.

57. O freo de socorro dun vehículo dotado cun sistema pneumático de freos:
a) consiste en dotar ao vehículo de tres circuítos independentes controlados pola válvula de catro vías.
b) é de acción puramente mecánica.
c) é o mesmo que o retárder.
d) é o mesmo que o intárder.

58. Cales son as lesións máis frecuentes derivadas da proxección de líquidos contra o corpo?
a) Lesións na pel.
b) Traumatismos.
c) Rozaduras.
d) Paradas cardíacas.

59. O condutor non debe permitir que os viaxeiros coloquen a equipaxe...
a) o máis preto posible.
b) baixo a súa vixilancia.
c) no corredor.
d) na adega.

60. A capacidade dunha batería:
a) non se ve influenciada pola temperatura ambiente.
b) é maior canto menor sexa a temperatura ambiente.
c) é sempre a mesma.
d) é menor canto menor sexa a temperatura ambiente.

61. Nun pneumático coa inscrición 255/90 R 23.5 155/150 S, a que fai referencia o número 90?
a) Á velocidade máxima á que se permite circular co devandito pneumático.
b) Á maior masa máxima autorizada que pode ter o vehículo no que se monte o pneumático.
c) Á altura do pneumático expresado en milímetros.
d) Á relación que existe entre a altura e a anchura do pneumático.

62. Para reducir o consumo de carburante dun automóbil, que é conveniente?
a) Pisar o freo inmediatamente despois de deixar de acelerar.
b) Reducir o número de revolucións do motor utilizando para iso unha relación de marchas adecuada.
c) Utilizar unha relación de marchas curtas para aumentar a potencia.
d) Dar aceleracións rápidas para alcanzar a velocidade adecuada no menor tempo posible.

63. Que é unha vía urbana?
a) É o tramo de estrada que discorre por poboado.
b) É a vía que une as estradas que conflúen nun nó.
c) Toda vía pública situada dentro de poboado, excepto as travesías.
d) É o nó da rede viaria no que todos as cruces de traxectorias posibles se realizan a nivel.

64. Nunha estrada, que elementos forman a plataforma?
a) A calzada e as beiravías.
b) A calzada soamente.
c) A suma de todos os carrís.
d) A mediana.

65. Como se lle denomina á caixa de cambios?
a) Caixa de velocidades.
b) Caixa primaria.
c) Caixa secundaria.
d) Caixa de embrague.

66. Sinale a opción que non é acorde co mantemento dunhas boas condicións en canto ao espazo e medios de traballo:
a) Coidarase o nivel de ruído do local de traballo.
b) Coidarase a renovación do aire do local de traballo.
c) Para os traballos no exterior hase de contar con protección fronte a condicións climatolóxicas adversas.
d) Débese traballar a menos de 16 graos para evitar o sono e os accidentes.

67. Que factor inflúe na resistencia á rodadura dun pneumático?
a) O traballo de flexión do pneumático.
b) A utilización de pneumáticos "biasbelted".
c) A utilización de pneumáticos sen as inscricións regulamentarias nos laterais.
d) Non hai ningún factor que inflúa na resistencia á rodadura xa que esa é unha características única de cada pneumático.

68. Que marcas viarias delimitan un carril reversible?
a) As marcas lonxitudinais descontinuas dobres que delimitan un carril por ambos os lados.
b) As marcas lonxitudinais continuas encostadas a descontinuas.
c) As marcas lonxitudinais continuas.
d) As marcas transversais descontinuas.

69. Unha marca lonxitudinal descontinua, que é sensiblemente máis ancha que no caso xeral, indica:
a) a existencia dun carril especial.
b) que ningún condutor co seu vehículo debe atravesala.
c) como se debe realizar determinada manobra nunha intersección.
d) a aproximación dunha marca lonxitudinal continua.

70. Un transporte realizado por un vehículo exclusivamente dedicado á prestación de servizos que se desenvolve integramente nun recinto pechado dedicado a actividades distintas do transporte por estrada, tales como portos, aeroportos e estacións:
a) debe levar tacógrafo sen calibrar.
b) debe levar instalado un tacógrafo especial.
c) está exento de levar instalado ou de usar o tacógrafo.
d) está exento de levar tacógrafo só se os recintos son de titularidade pública.

71. Que condicións debe reunir a cabina de condución dun vehículo?
a) Contar cun bo sistema de climatización.
b) Permitir unha visibilidade ampla da estrada.
c) Reducir ao máximo posible os ruídos procedentes do propio vehículo e do tráfico en xeral.
d) Todas as respostas anteriores son correctas.

72. A separación entre dous galóns consecutivos:
a) dependerá da velocidade máxima permitida nese tramo da vía.
b) será de 100 metros obrigatoriamente.
c) dependerá da velocidade mínima autorizada para ese tramo da vía.
d) dependerá da lonxitude dos tramos rectos de que dispoña a vía.

73. É necesario que os axentes de control insiran a súa tarxeta no tacógrafo dixital:
a) para realizar unha descarga dos datos.
b) para facer un calibrado.
c) para conducir un vehículo.
d) só nalgúns modelos de tacógrafo.

74. Ao inserir unha tarxeta no tacógrafo dixital, este tenta lela, que sucede se se produce algún erro?
a) Extráea automaticamente.
b) Rexistra un intento de violación da seguridade.
c) Apágase automaticamente para evitar avarías.
d) Despois de tres intentos de lectura declráraa defectuosa e non válida.

75.Ten límite a responsabilidade dun transportista de viaxeiros polos danos ou perdas dos encargos que transporte?
a) Non, nunca.
b) Non en traxectos inferiores a 500 km.
c) Si, 14,5 euros por kg.
d) Si, o mesmo que os transportes de mercadorías.

76. Dise que na caixa de velocidades se produce unha desmultiplicación...
a) cando o número de revolucións á saída da caixa de velocidades é maior que o número de revolucións do cigüeñal.
b) cando o número de revolucións á saída da caixa de velocidades é menor que o número de revolucións do cigüeñal.
c) cando o número de revolucións á saída da caixa de velocidades é igual que o número de revolucións do cigüeñal.
d) cando o par á saída da caixa de velocidades é o mesmo que o producido no volante de inercia.

77. Que testemuñas do vehículo é recomendable comprobar antes de iniciar a marcha?
a) As de rozamento do asfalto.
b) As de presión de aceite e combustión.
c) As de presión de aceite e carga.
d) As de aceleración do vehículo.

78. A marca de homologación da folla de rexistro é:
a) obrigatorio que apareza impresa.
b) obrigatorio que apareza en letras maiúsculas para que se vexa ben.
c) opcional poñela.
d) é necesario que estea impresa en cor vermella.

79. A posición de defensa:
a) evita que o ferido vomite.
b) evita a obstrución das vías respiratorias.
c) inmobiliza ao ferido.
d) axuda a recuperar a consciencia.

80. Unha diminución de tres horas e media no descanso semanal, que tipo de infracción se considera?
a) Non se considera infracción.
b) Leve.
c) Moi grave.
d) Grave.

81. Que precintos debe levar un tacógrafo dixital?
a) Ningún, posto que toda a información é dixital e non se pode perder.
b) Só o frontal do tacógrafo.
c) Só a conexión da parte posterior.
d) Calquera conexión que, se se desconectase, ocasionaría perdas de datos que non se poderían recuperar.

82. Quen percibe, fundamentalmente, o nivel real de calidade dunha marca dunha empresa do transporte?
a) A Administración.
b) As empresas do transporte competidoras.
c) Os clientes.
d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

83. Cando nos pneumáticos aparece a inscrición "tubeless" hai que prestar maior atención sobre a presión de inflado xa que:
a) ese tipo de pneumático xera un gran quecemento e pode provocar un rebentón.
b) o cinto dese tipo de pneumático non permite ningunha deformación.
c) a cámara que leva no seu interior pode perder estanqueidade pola válvula de inflado.
d) pode perder aire pola unión entre a lamia e o pneumático.

84. Se un pneumático ten a identificación 310/80 R 22.5 - 154/150N DOT 4107 PR8, cal das seguintes respostas é incorrecta?
a) 310 = Altura.
b) 80 = Perfil, relación altura / anchura.
c) R = Estrutura radial.
d) 22.5 = Diámetro interior en polgadas.

85. Cando se di que un aceite é 15W / 40, que se quere indicar con iso?
a) Que aguanta temperaturas entre 15ºC e 40ºC.
b) Que ten unha viscosidade de 15 graos SAE e que aguanta temperaturas de ata 40ºC.
c) Que aguanta temperaturas de 15ºC e que ten unha viscosidade de 40 graos SAE.
d) Que no inverno ten unha viscosidade de 15 graos SAE e no verán de 40 graos SAE.

86. Os condutores de vehículos das categorías de permiso de condución D1, D1+E, D e D+E exentos de acreditar a cualificación inicial, que período teñen para realizar a formación continua?
a) Non hai prazos establecidos.
b) En dez anos.
c) Entre o 10-09-2011 e o 10-09-2015 establecendo prazos segundo o número no que termine o seu permiso de conducir.
d) Entre o 10-09-2011 e o 10-09-2025 establecendo prazos segundo o número no que termine o seu permiso de conducir.

87. Cales son os efectos que adoita producir o opio na condución?
a) Un estado semellante á embriagez, sensación de euforia no cal diminúe a apreciación do risco.
b) Un forte shock con convulsións e cambras, podendo orixinar actuacións violentas.
c) Unha sobrevaloración da propia capacidade e un exceso de confianza.
d) Desorientación e síntomas parecidos á bebedeira.

88. No tacógrafo dixital, como se denomina á actualización ou confirmación de parámetros do vehículo que van gardarse na memoria?
a) Calibrado.
b) Activación.
c) Autenticación.
d) Instalación.

89. En cal das seguintes ramas de actividade se producen máis accidentes de traballo con forma non traumática?
a) Pesca.
b) Transporte aéreo.
c) Transporte terrestre.
d) Fabricación de produtos de perfumería e cosmética.

90. Canto maior sexa o peso do autobús:
a) menor será o rozamento e menor será a forza necesaria para mantelo en movemento.
b) maior será o rozamento e menor será a forza necesaria para mantelo en movemento.
c) maior será o rozamento e maior será a forza necesaria para mantelo en movemento.
d) menor será o rozamento e maior será a forza necesaria para mantelo en movemento.

91. Permítese substituír os pneumáticos dun automóbil por outros que teñan un índice de velocidade ou de carga distinto ao indicado polo fabricante?
a) Non, en ningún caso.
b) Si, pero só se é distinto o índice de velocidade.
c) Si, pero só se é distinto o índice de carga.
d) Si, se o índice de carga ou de velocidade do pneumático novo é superior ao indicado polo fabricante.

92. Segundo a Lei de responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículo de motor, no caso de danos ás persoas, o condutor non será responsable se o dano se debeu a:
a) defecto no sistema de freado.
b) avaría no sistema de dirección.
c) rebentón dunha roda.
d) inundación da calzada.

93. Para aforrar combustible, como deben realizarse os cambios de marchas?
a) Cara a marchas longas, cando o contarrevolucións se atope entre 2.000 e 2.500 revolucións, en motores de gasolina, e entre as 1.500 e 2.000 en motores diésel.
b) Cara a marchas longas, cando o contarrevolucións se atope entre 2.000 e 2.500 revolucións, en motores diésel, e entre as 1.500 e 2.000 en motores gasolina.
c) Cara a marchas curtas, cando o contarrevolucións se atope entre 2.000 e 2.500 revolucións, en motores de gasolina, e entre as 1.500 e 2.000 en motores diésel.
d) Cara a marchas curtas, cando o contarrevolucións se atope entre 2.000 e 2.500 revolucións, en motores diésel, e entre as 1.500 e 2.000 en motores de gasolina.

94. O número de accidentes mortais dos condutores profesionais:
a) non é superado por ningunha outra ocupación.
b) é superado polos peóns de construción.
c) é superado polos traballadores de industrias extractivas.
d) é superado polos funcionarios de Facenda.

95. Como se considera na normativa de transporte o exceso superior ao 50% nos tempos máximos de condución diaria?
a) Falta leve.
b) Falta grave.
c) Falta moi grave.
d) Delito.

96. É necesaria a obtención de autorización de transporte para a realización dun transporte de viaxeiros entre a zona de embarque dun aeroporto e o avión?
a) Si, sempre.
b) Non, en ningún caso.
c) Si, cando o destino do avión é internacional.
d) Si, cando os viaxeiros son todos estranxeiros.

97. Para o levantamento de pesos en posición sentado, recoméndase que os obxectos non superen os...
a) 5 kg.
b) 3 kg.
c) 7 kg.
d) 9 kg.

98. Os transportes efectuados mediante vehículos destinados ao transporte regular de viaxeiros en traxectos que non superen 50 km:
a) están obrigados a usar un tacógrafo especial.
b) están obrigados a utilizar tacógrafo se efectúan un transporte escolar.
c) só están exentos de tacógrafo se efectúan un transporte privado complementario.
d) están exentos do uso do tacógrafo.

99. Que indica unha marca transversal descontinua?
a) Que, salvo en circunstancias anormais que reduzan a visibilidade, ningún condutor deberá cruzala cando teña que ceder o paso.
b) A prohibición dos condutores de cruzala.
c) A preferencia sobre os ciclistas.
d) A preferencia dos ciclistas.

100. Se a suma de forzas e pares a que pode estar sometido un autobús fose igual a cero, que repercusión tería sobre o seu movemento?
a) Que se movería na dirección definida pola forza resultante da suma.
b) Que se atoparía en repouso.
c) Que se movería só á dereita.
d) Que se movería só á esquerda.

Preguntas de reserva (Só se corrixirán se o tribunal anula algunha das anteriores)

101. Segundo a normativa da Unión Europea, que autocares deberán levar obrigatoriamente cintos de seguridade en todos os asentos?
a) Todos os que superen as cincuenta prazas de capacidade.
b) Todos os que teñan unha antigüidade inferior a dez anos.
c) Os de longo percorrido matriculados a partir do 20 de outubro de 2007.
d) Os de longo percorrido matriculados a partir do 20 de outubro de 2009.

102. O coñecemento do funcionamento da cadea cinemática dun automóbil e a súa correcta utilización por parte do seu condutor, pode influír no aforro de carburante?
a) Si.
b) Non, influirá na menor deterioración mecánica do vehículo.
c) Non, influirá nun menor desgaste do vehículo.
d) Non, influirá nun menor número de avarías.

103. Entre outros factores, de que depende o consumo de carburante?
a) Da lonxitude do pistón.
b) Da lonxitude da árbore de levas.
c) Da lonxitude do cegoñal.
d) Do número de revolucións do motor.